

ORDENANZA Nº4, REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE RESIDUOS SOLIDOS URBANS.

Artigo 1º.- Fundamento e natureza

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 144 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 ó 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais), o Concello de Noia establece a taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, á que se refire os apartados letras s) do número 4 do artigo 20 do citado RDL 2/2004, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

Artigo 2º.- Feito impoñible

1.- Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación do servizo de recollida obrigatoria e tratamento de lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exerzan actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos.

2.- Non será obxecto desta taxa a retirada de escombros e materiais de solares e locais que se depositen na vía pública, os cales serán retirado por aqueles que os houberen depositado e, no caso de resistencia a facelo, polos servizos deste Concello, a súa costa, sen prexuízo de aplicación de taxas por ocupación en vía pública con materiais e escombros.

Art.3º.- Suxeitos pasivos

1.- Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas a as entidades a que se refire o art.35.4 da Lei 58/2003, LXT, que ocupen ou utilicen calquera clase de vivenda ou local, ben sexa a título de propietario, de arrendatario ou calquera outro dereito real, incluído o precario. Tamén terán consideración de suxeito pasivo os propietarios de vivendas ou locais desocupados ou de temporada, xa que a non utilización ocasional do servizo non invalida a obrigatoriedade de prestación municipal e de recepción por tales propietarios.

2.- Terán consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario das vivendas ou locais, quen poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios daquelas, beneficiarios do servizo.

Artigo 4º.- Responsables

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 42 da Lei 58/2003, LXT.

2.- Serán responsables subsidiarios das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 43 da Lei 58/2003, LXT

Art.5º.- Cota Tributaria

1.- A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa, por unidade de local, que se determinará en función da natureza e dos destinos dos inmobles

Concepto.- Tarifa anual

1.Vivendas: 78 euros.

2. Hostalería, espectáculos e bancos: 236,64 euros.

3. Supermercados:

.Superficie de venda inferior a 120 m²:236,64 euros.

.Superficie de venda superior a 120 m²:607,92 euros.

4. Resto locais comerciais: 104,04 euros.

5. Locais industriais: 177,48 euros.

Co obxecto dunha maior claridade na delimitación dos usos comerciais/industriais, o usuario, no momento de solicitar a correspondente licenza, achegará copia do modelo de alta no IAE, considerándose actividades industriais as enmarcadas nos grupos/epígrafes que seguidamente se relacionan:

Sección 1ª. Grupos: 411, 412, 428, 424, 420, 421, 427, 416, 413, 414, 415, 418, 423, 417, 413, 426, 425, 467, 461, 464, 463, 468, 465, 466, 462, 441, 471, 472, 252, 255, 251, 253, 254, 493.

Sección 1ª. Epígrafes: 481.1, 481.9, 481.2, 482.2, 482.1, 442.1, 442.9, 473.4, 473.3, 473.1, 473.2, 473.9, 494.2, 495.1, 491.2, 492. , 491.1, 494.1.

Art.6º.- Devengo

1.- Devengase a taxa o día 1 de xaneiro de cada ano, salvo nos supostos de inicio ou cese no uso do servizo, que será prorrateable por semestres. No suposto de inicio no servizo nace a

obriga de contribuír dende o día en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza da recepción obrigatoria desta, cando esté establecido e en funcionamento o servizo municipal de recollida de lixo domiciliaria, nas rúas e lugares onde figuren as vivendas e locais utilizados polos contribuíntes suxeitos a taxas.

Art. 7º.- Declaración e ingreso.-

1º.- Dentro dos quince días hábiles seguintes ó da data en que devengue por primeira vez a taxa, os suxeitos pasivos realizarán a autoliquidación en concepto de alta. Correspondendo á alcaldía a aprobación do modelo de autoliquidación de alta, de acordo coas instrucións emanadas dos servizos técnicos municipais.

Cando o obrigado non presente a declaración de alta e conseguinte autoliquidación no citado prazo, efectuarase de oficio a alta no padrón de suxeitos pasivos, con notificación individual ao mesmo, sen perxucio das posibles sancións que poidan proceder.

2º.- O período de cobro para os recibos correspondentes aos suxeitos pasivos incluídos no padrón será semestral, sendo o prazo do mesmo aquel que se determine polo órgano competente no momento de aprobación do calendario fiscal.

Artigo 8º.- Infraccións e sancións

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, ase como das sancións que lles correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Disposición derradeira

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no BOP e comenza a aplicarse a partir do 1/1/2012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.